

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

10900 *Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.*

A normativa básica reguladora das diferentes titulacións para exercer as actividades profesionais a bordo dos buques mercantes está recollida no Real decreto 2061/1981, do 4 de setembro, sobre títulos profesionais da mariña mercante, no Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas, así como no Real decreto 930/1998, do 14 de maio, sobre condicións xerais de idoneidade e titulación de determinadas profesións da mariña mercante e do sector pesqueiro.

A aprobación das normas anteriores permitiu dar cumprimento ao establecido nas emendas de 1995 ao anexo do Convenio da Organización Marítima Internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar, feito en Londres o 7 de xullo de 1978 (Convenio STCW-78/95). Así mesmo, supuxo a incorporación ao ordenamento interno da Directiva 94/58/CE, do Consello, do 22 de novembro, relativa ao nivel mínimo de formación en profesións marítimas, modificada pola Directiva 98/35/CE do Consello, do 25 de maio de 1998, e derrogada pola Directiva 2001/25/CE, do 4 de abril de 2001.

A Directiva 2001/25/CE foi obxecto de dúas modificacións importantes. A primeira é consecuencia da aprobación da Directiva 2003/103/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de novembro de 2003, relativa ao nivel mínimo de formación en profesións marítimas, que foi incorporada á normativa española polo Real decreto 652/2005, do 7 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro. A través deste novo instrumento adoptáronse os novos requisitos derivados das emendas ao Convenio internacional para a seguranza da vida humana no mar, feito en Londres o 1 de novembro de 1974 (Convenio SOLAS), acordadas mediante a Resolución MSC.99 (73), do Comité de Seguranza Marítima, do 5 de decembro de 2000, que entraron en vigor o 1 de xullo de 2002. Igualmente, estableceuse un novo procedemento para o recoñecemento polos Estados membros da Unión Europea de títulos profesionais marítimos emitidos por outros Estados, no cal a Axencia Europea de Seguranza Marítima desenvolve un importante labor de apoio á Comisión e aos Estados membros para conseguir unha maior eficacia e harmonización de criterios.

Unha segunda modificación prodúcese coa aprobación da Directiva 2005/45/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, sobre o recoñecemento mutuo dos títulos expedidos polos Estados membros á xente de mar e pola que se modifica a Directiva 2001/25/CE, cuxa transposición fixo precisa unha nova modificación da lexislación española sobre titulacións profesionais da mariña mercante. A súa incorporación levouse a cabo mediante o Real decreto 323/2008, do 29 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 2062/1999.

A Directiva 2005/45/CE exige que os países membros designen as autoridades nacionais competentes para detectar e combater a falsificación e outras prácticas ilícitas e intercambiar información coas autoridades competentes doutros Estados membros e de países terceiros en relación coa titulación da xente de mar. En España, esta responsabilidade correspóndelle ao Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante. Ademais, a directiva obriga a Comisión Europea, con asistencia da Axencia Europea de Seguranza Marítima, a revisar o cumprimento da Directiva 2001/25/CE por parte dos Estados membros.

Con independencia das mencionadas novidades no ámbito da lexislación comunitaria, convén ter en conta que a experiencia acumulada desde a entrada en vigor do Real decreto

2062/1999, así como a evolución das tecnoloxías, fai necesaria a revisión da materia obxecto de regulación no citado real decreto.

Por outra parte, os titulados profesionais da formación de adultos procedentes da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa, adquiriron os mesmos coñecementos tecnolóxicos marítimos que os derivados do ensino regrado correspondente á formación profesional de primeiro e segundo grao anterior á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Así mesmo, cómpre ter en conta o Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo. A súa aplicación supón que os títulos dos técnicos especialistas e dos técnicos auxiliares teñen os mesmos efectos profesionais que os novos títulos de técnico superior e técnico. Con isto unifícanse as condicións de obtención das titulacións profesionais da mariña mercante, dando lugar á súa simplificación, ao se harmonizaren e unificaren as titulacións existentes de formación profesional.

Noutra orde de cousas, convén ter en conta a crecente demanda de profesionais na náutica deportiva para exercer o goberno de embarcacións españolas de recreo, de menos de doce pasaxeiros, o que aconsella a súa regulación para garantir a seguranza marítima e a seguranza da navegación das citadas embarcacións.

Por último, a proliferación dos portos e mariñas deportivas como consecuencia do imparable aumento do número de buques e embarcacións de recreo fai necesaria a regulación dun profesional que poida desenvolver os labores precisos neses portos, como son o movemento, remolque e outros tipos de operacións portuarias.

Tendo en conta estes antecedentes, considerouse oportuno levar a cabo a aprobación dun novo texto que recolla as modificacións habidas na lexislación nacional e comunitaria e que permita refundir a normativa existente.

Este real decreto dítase en virtude do establecido no artigo 149.1.20ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante e de acordo co artigo 86.9 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, sobre a competencia do actual Ministerio de Fomento en materia de determinación das condicións de profesionalidade, idoneidade e titulación para formar parte das dotacións de todos os buques civís e de acordo coa habilitación para o desenvolvemento regulamentario da citada lei que se recolle na súa disposición derradeira terceira.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xuño de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto regular as condicións básicas de titulación profesional aplicables a quen exerza funcións a bordo dos buques mercantes españois, así como as atribucións que corresponden a cada un dos títulos que se regulan neste real decreto, en cumprimento das disposicións contidas no Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar, feito en Londres o 7 de xullo de 1978, na súa forma emendada de 1995 (Convenio STCW -78/95).

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto e disposicións de desenvolvemento, enténdese por:

1. «Convenio STCW»: o Convenio da Organización Marítima Internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar, adoptado en Londres en

1978, na súa versión emendada en 1995, tendo en conta as disposicións transitorias do artigo VII e a regra I/15 do convenio e incluíndo o Código STCW, ambos nas disposicións aplicables en razón da materia e na versión vixente no momento da súa aplicación.

2. «Código STCW»: o Código de formación, titulación e garda para a xente de mar que figura como anexo ao Convenio STCW, aprobado mediante a Resolución 2 de 1995 da Conferencia das partes do Convenio STCW, na versión vixente no momento da súa aplicación.

3. «Título profesional»: un título profesional de mariña mercante expedido pola Administración dun Estado parte do Convenio STCW.

4. «Título académico»: un título outorgado pola universidade ou polo órgano competente das comunidades autónomas, que acredita a superación da formación establecida no Código STCW.

5. «Credencial de homologación de títulos estranxeiros»: documento en que se formaliza a resolución do órgano competente recoñecendo a homologación dun título académico estranxeiro por un título académico español.

6. «Certificado de especialidade»: a habilitación realizada por unha Administración marítima consonte as disposicións internacionais ou nacionais, que faculta o seu titular para desempeñar determinadas funcións e especialidades previstas nel, de acordo co tipo de buque e responsabilidade a bordo.

7. «Tarxeta profesional de mariña mercante»: o documento expedido polo Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, que acredita que o seu titular está en posesión do correspondente referendo exixido polas disposicións do Convenio STCW e que faculta o seu titular para prestar servizo a bordo dos buques mercantes de arqueo, potencia e medios de propulsión determinada, co cargo estipulado e desempeñando as funcións previstas para o nivel de responsabilidade especificado.

8. «Cartilla marítima»: documento de identidade da xente de mar, en que se inclúen, polo menos, os datos persoais e a relación de embarques.

9. «Buque civil»: calquera buque, embarcación, plataforma ou artefacto flotante, con ou sen desprazamento, apto para a navegación e non afecto ao servizo da defensa nacional.

10. «Buque mercante»: todo buque civil de navegación marítima, excluídos os pesqueiros, os iates de recreo non dedicados ao comercio e os buques de madeira de construción primitiva, de conformidade co artigo III do Convenio STCW.

11. «Buque de pasaxe»: un buque mercante que transporte máis de doce pasaxeiros.

12. «Buque de pasaxe de transbordo rodado»: un buque de pasaxe con espazos de carga rodada ou de categoría especial, tal como se definen no Convenio internacional para a seguranza da vida humana no mar, feito en Londres o 1 de novembro de 1974 (Convenio SOLAS), na versión vixente no momento da súa aplicación.

13. «Buque petroleiro»: un buque construído e utilizado para o transporte a granel de petróleo ou de produtos do petróleo.

14. «Buque pesqueiro»: un buque utilizado para a captura de peixes ou outros recursos vivos do mar.

15. «Buque cisterna para produtos químicos»: un buque mercante construído ou adaptado para o transporte a granel de calquera dos produtos líquidos enumerados no capítulo 17 do Código internacional para a construción e equipamento de buques que transporten produtos químicos perigosos a granel (Código CGrQ), aprobado pola Resolución 70(38) do Comité de Protección do Medio Mariño, na versión vixente no momento da súa aplicación.

16. «Buque cisterna para gases licuados»: un buque construído ou adaptado para o transporte a granel de calquera dos gases licuados ou outros produtos enumerados no capítulo 19 do Código CGrQ, e que se utilice para esa finalidade.

17. «Arqueo bruto»: a tonelaxe do buque (GT), na súa forma definida no Convenio internacional de arqueo de buques, feito en Londres o 23 de xuño 1969, segundo figura no certificado de arqueo.

18. «Potencia»: a máxima potencia propulsora continua dun buque medida en quilowatts (kW), que en conxunto teñen todas as súas máquinas propulsoras principais e que figura consignada no certificado de rexistro do buque.

19. «Tripulación»: o persoal embarcado que preste servizos profesionais nos buques civís.

20. «Capitán ou patrón»: a persoa que, estando en posesión da correspondente tarxeta profesional, conforme as condicións e atribucións establecidas neste real decreto, desempeña a representación do armador, exerce o mando e a dirección do buque en todos os seus aspectos, así como as demais funcións públicas e privadas que lle atribúa a normativa vixente.

21. «Oficial»: un membro da tripulación dun buque, distinto do capitán ou patrón, alumno ou mariñeiro que, estando en posesión da correspondente tarxeta profesional, exerce funcións de responsabilidade nos servizos de ponte e cuberta, máquinas, radioelectrónica ou radiocomunicacións.

22. «Xefe de máquinas»: o oficial que, estando en posesión da correspondente tarxeta profesional, conforme as condicións e atribucións establecidas neste real decreto, exerce a dirección e a xefatura do servizo de máquinas e os equipamentos propulsores principais e auxiliares do buque, así como as demais funcións que lle atribúa a normativa vixente.

23. «Oficial de ponte»: o oficial que, estando en posesión da correspondente tarxeta profesional, exerce como oficial encargado das gardas de navegación e de porto no servizo de ponte e cuberta dos buques, así como as demais funcións que lle atribúa a normativa vixente.

24. «Primeiro oficial de ponte»: o oficial de ponte que segue en rango ao capitán ou patrón e que, en caso de incapacidade destes, deberá asumir o mando do buque e exerce as demais funcións que lle atribúa a normativa vixente.

25. «Oficial de máquinas»: o oficial que, estando en posesión da correspondente tarxeta profesional, exerce como oficial encargado das gardas de máquinas no servizo de máquinas dos buques e as demais funcións que lle atribúa a normativa vixente.

26. «Primeiro oficial de máquinas»: o oficial de máquinas que segue en rango ao xefe de máquinas e que, en caso de incapacidade deste, será responsable da propulsión mecánica do buque e exerce as demais funcións que lle atribúa a normativa vixente.

27. «Oficial radioelectrónico»: o oficial que, estando en posesión da correspondente tarxeta profesional, conforme as condicións e atribucións establecidas neste real decreto, exerce a xefatura da estación radioelétrica, e é responsable das radiocomunicacións marítimas así como do mantemento dos sistemas electrónicos do buque.

28. «Radio-operador»: o oficial que, estando en posesión do correspondente título profesional ou certificado de especialidade, de conformidade co disposto no Regulamento de radiocomunicacións adoptado pola Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT), se encarga do servizo das comunicacións por radio e exerce as demais funcións que lle atribúa a normativa vixente.

29. «Alumno de ponte, máquinas ou radioelectrónica en prácticas»: a persoa que está recibindo formación a bordo dos buques, para adquirir a experiencia marítima adecuada exixida polas disposicións vixentes, co obxecto de obter un título profesional de oficial de ponte, de máquinas ou de radioelectrónica.

30. «Mariñeiro»: todo tripulante dun buque que non é capitán, patrón ou oficial.

31. «Xente de mar»: toda persoa cunha formación e en posesión dun título profesional expedido por un Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.

32. «Período de embarque»: o tempo de embarque entre as datas de embarque e desembarco a bordo dun buque, segundo consta no rol de despacho e dotación ou en calquera outro documento oficial do buque ou na cartilla marítima.

33. «Libro de rexistro da formación»: o documento expedido para cada alumno, onde se especifica e rexistra a formación práctica que deben realizar os alumnos de ponte ou de máquinas a bordo dos buques, baixo a supervisión e avaliación dun oficial e requirido para a expedición dun título profesional.

34. «Navegacións próximas á costa»: as navegacións realizadas ao longo da costa dentro da zona comprendida entre esta e a liña de 60 millas paralela a ela.

35. «Regulamento de radiocomunicacións»: Regulamento de radiocomunicacións revisado, adoptado pola Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT).

36. «Deberes relacionados co servizo radioeléctrico»: os de garda e os relativos a operacións técnicas de mantemento e reparación, que se desempeñen de conformidade coas disposicións do Regulamento de radiocomunicacións, o Convenio SOLAS e, cando a Administración marítima o coide necesario, as recomendacións aplicables da Organización Marítima Internacional (OMI), todos eles na versión vixente no momento da súa aplicación.

Artigo 3. *Condicións para o exercicio profesional a bordo dos buques mercantes españois.*

1. Para exercer profesionalmente a bordo dos buques mercantes españois como capitán, patrón, oficial ou mariñeiro que forme parte ou poida formar parte das gardas de navegación ou da cámara de máquinas, deberase posuír a tarxeta profesional de mariña mercante en vigor.

2. Ademais da exixencia citada no número anterior, os membros da tripulación dos buques mercantes deberán estar en posesión do correspondente certificado de especialidade que sexa preceptivo, segundo o tipo de buque ou a función realizada a bordo, conforme o determinado nos capítulos IV, V e VI do anexo do Convenio STCW ou outras disposicións internacionais e nas disposicións nacionais en vigor.

3. O resto da tripulación deberá estar en posesión do certificado de formación básica, regulado na regra VI/1 do Convenio STCW.

4. Aquelas persoas que, encontrándose a bordo e non estando comprendidas nos números anteriores deste artigo, nin sexan pasaxeiros, deberán recibir unha formación básica de familiarización que lles permita saber como actuar nos seguintes supostos:

- a) Caída dunha persoa ao mar.
- b) Detección de fume ou lume.
- c) En caso de que se produza unha alarma por incendio ou o abandono do buque.
- d) En caso de emerxencia, co fin de levar a cabo a identificación dos postos de reunión e de embarque e das vías de evacuación.
- e) Localización e uso dos chalecos salvavidas.
- f) Dar a alarma e ter un coñecemento básico do uso de extintores portátiles de incendios.
- g) En caso de accidente ou doutra emerxencia de tipo médico, para poderen adoptar as medidas previas á solicitude de asistencia médica a bordo.
- h) Pechar e abrir as portas contra incendios, estancas e estancas á intemperie instaladas no buque distintas das aberturas do casco.

En caso de buques oceanográficos ou de calquera buque que realice campañas oceanográficas, ademais da información do número anterior, corresponderá aos centros de investigación e entidades promotoras de proxectos de investigación oceanográfica concretar os contidos e a duración da formación básica, de carácter científico ou técnico, para os observadores científicos, persoal de investigación e de apoio a bordo dos citados buques.

5. O persoal embarcado nese porto recibirá a información mencionada neste número nas vinte e catro horas seguintes á saída do buque do porto. Este feito quedará consignado no diario de navegación a través da oportuna anotación.

CAPÍTULO II

Dos títulos profesionais da mariña mercante

Artigo 4. *Enumeración e denominación.*

1. Os títulos profesionais da mariña mercante serán os seguintes:
 - a) Capitán da mariña mercante.
 - b) Piloto de primeira da mariña mercante.

- c) Piloto de segunda da mariña mercante.
- d) Patrón de altura.
- e) Patrón de litoral.
- f) Patrón portuario.
- g) Mariñeiro de ponte.
- h) Xefe de máquinas da mariña mercante.
- i) Oficial de máquinas de primeira da mariña mercante.
- j) Oficial de máquinas de segunda da mariña mercante.
- k) Mecánico maior naval.
- l) Mecánico naval.
- m) Mariñeiro de máquinas.
- n) Oficial radioelectrónico de primeira da mariña mercante.
- o) Oficial radioelectrónico de segunda da mariña mercante.

2. Os títulos enumerados no número anterior clasifícanse en tres seccións, denominadas sección de ponte ou cuberta, sección de máquinas e sección de radiocomunicacións. Á sección de ponte pertencen os títulos indicados nas letras a) a g), sen prexuízo das funcións polivalentes propias do título de patrón portuario; á sección de máquinas pertencen os títulos que figuran nas letras h) a m), e á de radiocomunicacións os que se sinalan nas letras n) e o).

Artigo 5. *Capitán da mariña mercante.*

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de capitán da mariña mercante son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:

a) Estar en posesión do título académico de licenciado en náutica e transporte marítimo ou título de graduado que o substitúa en aplicación do disposto no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas oficiais, así como de calquera dos homologados polo Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro, sobre homologación de títulos aos do catálogo de títulos universitarios oficiais.

b) Estar en posesión do título profesional de piloto de primeira da mariña mercante ou de piloto de segunda da mariña mercante.

c) Acreditar un período de embarque non inferior a 36 meses como oficial de ponte. Este período poderase reducir a non menos de 24 meses se se acredita o exercicio profesional de capitán ou de primeiro oficial de ponte durante un período de embarque de polo menos 12 meses.

d) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude do título.

2. Atribucións:

a) Mando de buques civís dedicados a calquera clase de navegación, sen limitación de tonelaxe. Para o mando de buques pesqueiros aplicarase a lexislación vixente.

b) Exercer de primeiro oficial de ponte ou oficial de ponte en buques civís sen limitación.

Artigo 6. *Piloto de primeira da mariña mercante.*

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de piloto de primeira da mariña mercante son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:

a) Estar en posesión do título profesional de piloto de segunda da mariña mercante.

b) Ter exercido de oficial de ponte durante un período de embarque non inferior a 12 meses.

c) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude do título.

2. Atribucións:

a) Exercer de primeiro oficial de ponte ou oficial de ponte en buques civís sen limitación.

b) Exercer como capitán de buques civís de arqueo bruto non superior a 500 GT en navegacións próximas á costa. Para o mando de buques pesqueiros aplicarase a lexislación vixente.

c) Poderá exercer como capitán de buques civís de arqueo bruto non superior a 6.000 GT. Para iso deberá acreditar un período de embarque non inferior a 36 meses como oficial de ponte. Este período poderase reducir a non menos de 24 meses se acredita o exercicio profesional de capitán ou de primeiro oficial de ponte durante un período de embarque de polo menos 12 meses. Para o mando de buques pesqueiros aplicarase a lexislación vixente.

Artigo 7. Piloto de segunda da mariña mercante.

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de piloto de segunda da mariña mercante son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:

a) Estar en posesión do título académico de licenciado en náutica e transporte marítimo ou do título de graduado que o substitúa en aplicación do disposto no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas oficiais, así como de calquera dos homologados polo Real decreto 1954/1994.

b) Ter cumprido un período de embarque non inferior a 12 meses como alumno de ponte en prácticas, realizando polo menos seis meses en actividades da garda de navegación, como parte dun programa de formación conforme os requisitos da sección A-II/1 do Código STCW. Este feito deberá constar no libro de rexistro da formación.

c) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude do título.

d) Superar a proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo coas normas de competencia da sección A-II/1 do Código STCW.

2. Atribucións:

a) Exercer de oficial de ponte en buques civís sen limitación ou de primeiro oficial de ponte en buques civís de arqueo bruto non superior a 3.000 GT.

b) Poderá exercer como capitán de buques mercantes de arqueo bruto non superior a 500 GT en navegacións próximas á costa, sempre e cando exercese de oficial de ponte durante un período de embarque non inferior a 12 meses. De non se cumpriren estes requisitos, deberá constar na tarxeta profesional de mariña mercante a limitación para exercer como capitán.

Artigo 8. Patrón de altura.

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de patrón de altura son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:

a) Estar en posesión do título académico de técnico superior en navegación, pesca e transporte marítimo ou de técnico especialista da rama marítima pesqueira, especialidade de navegación de cabotaxe ou ben estar en posesión do correspondente certificado de profesionalidade onde se recollan as competencias profesionais propias desta titulación.

Para iso, os centros de formación deben cumprir cos requisitos mínimos de calidade na formación para o exercicio profesional en buques mercantes, tal e como se establece no artigo 20, con anterioridade ao comezo dos cursos.

- b) Ter cumprido 20 anos de idade.
- c) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude.
- d) Ter realizado un período de embarque non inferior a 12 meses, en calidade de alumno ou mariñeiro, debendo acreditar polo menos seis meses en actividades da garda de navegación, como parte dun programa de formación conforme os requisitos da sección A-II/1 do Código STCW. Este feito deberá constar no libro de rexistro da formación.
- e) Superar a proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo coas normas de competencia da sección A-II/1 do Código STCW.

2. Atribucións:

- a) Exercer como primeiro oficial e oficial de ponte en buques mercantes cun arqueo bruto non superior a 1.600 GT, ou para buques con arqueo bruto de até 3.000 GT, se as prácticas se realizaron como alumno montando garda de navegación.
- b) Poderá exercer como patrón en buques mercantes e buques de pasaxe, en navegacións próximas á costa, cun arqueo bruto non superior a 500 GT, así como un aforo máximo de 350 pasaxeiros. Para iso deberá acreditar un período de embarque non inferior a 12 meses como oficial de ponte.
- c) Para exercer como oficial de ponte en buques mercantes sen limitación, deberá acreditar un período de embarque non inferior a 24 meses como oficial de ponte en buques de arqueo bruto entre 100 e 1.600 GT.
- d) Exercer como patrón en buques mercantes cun arqueo bruto non superior a 1.600 GT. Para iso deberá acreditar un período de embarque non inferior a 36 meses como oficial de ponte. Este período poderase reducir a non menos de 24 meses se acredita o exercicio profesional de capitán ou de primeiro oficial de ponte durante un período de embarque de polo menos 12 meses.

Artigo 9. *Patrón de litoral.*

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de patrón de litoral son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:

- a) Estar en posesión do título académico de técnico en pesca e transporte marítimo ou de técnico auxiliar da rama marítimo-pesqueira, especialidade cabotaxe, ou ben estar en posesión do correspondente certificado de profesionalidade onde se recollan as competencias profesionais propias desta titulación.

Para iso os centros de formación deben cumprir cos requisitos mínimos de calidade na formación para o exercicio profesional en buques mercantes, tal e como se establece no artigo 20, con anterioridade ao comezo dos cursos.

- b) Ter cumprido 20 anos de idade.
- c) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude.
- d) Ter realizado un período de embarque non inferior a 12 meses en calidade de alumno ou mariñeiro, debendo acreditar polo menos seis meses en actividades da garda de navegación, como parte dun programa de formación conforme os requisitos da sección A-II/1 do Código STCW. Este feito deberá constar no libro de rexistro da formación.
- e) Superar a proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo coas normas de competencia da sección A-II/1 do Código STCW.

2. Atribucións:

- a) Exercer como oficial de ponte en buques mercantes cun arqueo bruto non superior a 1.600 GT.
- b) Poderá exercer como patrón ou de primeiro oficial de ponte en buques mercantes e buques de pasaxe cun arqueo bruto non superior a 200 GT e un aforo máximo de 250 pasaxeiros, en navegacións realizadas ao longo da costa dentro da zona comprendida

entre esta e a liña de 30 millas paralela a ela. Para iso deberá acreditar un período de embarque en buques non inferior a 12 meses como oficial de ponte.

c) Exercer como patrón ou primeiro oficial de ponte en buques mercantes cun arqueo bruto non superior a 700 GT, en navegacións próximas á costa. Para iso deberá acreditar un período de embarque en buques non inferior a 36 meses como oficial de ponte. Este período poderase reducir a non menos de 24 meses se acredita o exercicio profesional de patrón ou de primeiro oficial de ponte durante un período de embarque de polo menos 12 meses.

Artigo 10. *Patrón portuario.*

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de patrón portuario son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:

a) Superar o curso e as probas prácticas, aprobados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, cuxo contido estará de acordo coas normas da sección A-II/3 do Código STCW ou ben estar en posesión do correspondente certificado de profesionalidade onde se recollan as competencias profesionais propias desta titulación.

Para iso, os centros de formación deberán estar homologados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante e cumprir cos requisitos mínimos de calidade na formación para o exercicio profesional en buques mercantes, tal e como se establece no artigo 20, con anterioridade ao comezo dos cursos.

b) Ter cumprido 20 anos de idade.

c) Ter realizado un período de embarque non inferior a 12 meses, debendo acreditar polo menos seis meses no servizo de ponte e seis meses no servizo de máquinas.

d) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude do título.

2. Atribucións: exercer como patrón en buques mercantes de arqueo bruto non superior a 100 GT que realicen navegacións sempre que non se afasten máis de tres millas dun porto ou dunha zona de refuxio e que, de ser o caso, transporten un máximo de 150 pasaxeiros. Poderá exercer asemade o mando da embarcación e o servizo de máquinas sempre e cando o permitan as características da embarcación e a potencia propulsora non exceda os 375 kW nun só motor ou o dobre da citada potencia propulsora en dous ou máis motores.

Artigo 11. *Xefe de máquinas da mariña mercante.*

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de xefe de máquinas da mariña mercante son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:

a) Estar en posesión do título académico de licenciado en máquinas navais ou título de graduado que o substitúa en aplicación do disposto no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro, así como de calquera dos homologados polo Real decreto 1954/1994.

b) Estar en posesión do título profesional de oficial de máquinas de primeira clase da mariña mercante ou de oficial de máquinas de segunda clase da mariña mercante.

c) Ter exercido de oficial de máquinas durante un período de embarque non inferior a 24 meses.

d) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude do título.

2. Atribucións: exercer de xefe de máquinas, primeiro oficial ou oficial de máquinas, en buques civís sen limitación de potencia.

Artigo 12. Oficial de máquinas de primeira da mariña mercante.

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de oficial de máquinas de primeira da mariña mercante son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:
 - a) Estar en posesión do título profesional de oficial de máquinas de segunda da mariña mercante.
 - b) Ter exercido de oficial de máquinas de segunda durante un período de embarque non inferior a 12 meses.
 - c) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude do título.
2. Atribucións:
 - a) Exercer de oficial de máquinas ou de primeiro oficial de máquinas en buques civís sen limitación de potencia.
 - b) Exercer de xefe de máquinas en buques civís até unha potencia de 10.000 kW.

Artigo 13. Oficial de máquinas de segunda da mariña mercante.

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de oficial de máquinas de segunda da mariña mercante son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:
 - a) Estar en posesión do título académico de licenciado ou diplomado en máquinas navais ou título de graduado que o substitúa en aplicación do disposto no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro, así como de calquera dos homologados polo Real decreto 1954/1994.
 - b) Ter cumprido un período de embarque non inferior a 6 meses como alumno de máquinas en prácticas, conforme o disposto na sección A-III/1 do Código STCW. Este feito deberá constar no libro de rexistro da formación.
 - c) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude do título.
 - d) Superar a proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo coas normas de competencia da sección A-III/1 do Código STCW.
2. Atribucións:
 - a) Exercer de oficial de máquinas en buques civís sen limitación de potencia.
 - b) Poderá exercer de primeiro oficial de máquinas en buques civís sen limitación de potencia. Para iso deberá acreditar un período de embarque non inferior a 12 meses como alumno de máquinas en prácticas.
 - c) Exercer como xefe de máquinas en buques civís até unha potencia de 750 kW.

Artigo 14. Mecánico maior naval.

Os requisitos de obtención e atribucións do título profesional de mecánico maior naval son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:
 - a) Estar en posesión do título académico de técnico superior en supervisión e control de máquinas e instalacións do buque ou de técnico especialista da rama marítimo-pesqueira, especialidade mecánica naval, ou ben estar en posesión do correspondente certificado de profesionalidade onde se recollan as competencias profesionais propias desta titulación.
Para iso, os centros de formación deben cumprir cos requisitos mínimos de calidade na formación para o exercicio profesional en buques mercantes, tal e como se establece no artigo 20, con anterioridade ao comezo dos cursos.

- b) Ter cumprido 20 anos de idade.
- c) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude do título.
- d) Ter realizado un período de 12 meses de embarque, en calidade de alumno ou mariñeiro de máquinas, dos cales polo menos seis meses realizase actividades de garda de máquinas. Todo iso como parte dun programa de formación conforme os requisitos da sección A-III/1 do Código STCW. Este último feito deberá constar no libro de rexistro da formación.
- e) Superar a proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo coas normas de competencia da sección A-III/1 do Código STCW.

2. Atribucións:

- a) Exercer de oficial de máquinas e primeiro oficial de máquinas en buques mercantes de potencia propulsora non superior a 3.000 kW.
- b) Exercer como oficial de máquinas en buques mercantes de potencia propulsora superior a 3.000 kW, cando se acredite ter realizado un período de embarque non inferior a 12 meses como oficial de máquinas en buques de potencia propulsora entre 500 e 3.000 kW. Igualmente poderá exercer como oficial de máquinas en buques mercantes de potencia propulsora até 6.000 kW cando, ademais, se acredite a superación dun curso nun centro de formación autorizado para impartir o título de técnico superior en supervisión e control de máquinas e instalacións do buque.

A duración e as materias que se impartirán no curso serán establecidas por resolución do director xeral da Mariña Mercante.

- c) Exercer como xefe de máquinas en buques mercantes de potencia propulsora menor de 750 kW.
- d) Exercer como xefe de máquinas en buques mercantes cunha potencia propulsora non superior a 3.000 kW cando, ademais de cumprir cos requisitos do número 1 deste artigo, se acredite un período de embarque como oficial de máquinas non inferior a 24 meses en buques de potencia propulsora entre 500 e 3.000 kW, dos cales polo menos 12 meses os debe ter cumprido desempeñando o cargo de primeiro oficial de máquinas.
- e) Exercer como xefe de máquinas en buques mercantes de potencia propulsora non superior a 6.000 kW cando, ademais de cumprir cos requisitos e condicións de embarque sinalados no punto anterior, se acredite superar un curso nun centro de formación autorizado para a impartición do título de técnico superior en supervisión e control de máquinas e instalacións do buque. A duración e as materias que se impartirán no curso serán establecidas por resolución do director xeral da Mariña Mercante.

Artigo 15. *Mecánico naval.*

Os requisitos de obtención e atribucións do título profesional de mecánico naval son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:

- a) Estar en posesión do título académico de técnico en operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque ou de técnico auxiliar da rama marítimo-pesqueira, especialidade mecánica naval, ou ben estar en posesión do correspondente certificado de profesionalidade onde se recollan as competencias profesionais propias desta titulación.

Para iso, os centros de formación deben cumprir cos requisitos mínimos de calidade na formación para o exercicio profesional en buques mercantes, tal e como se establece no artigo 20, con anterioridade ao comezo dos cursos.

- b) Ter cumprido 18 anos de idade.
- c) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude do título.
- d) Ter realizado un período de 12 meses de embarque, en calidade de alumno ou mariñeiro, acreditando polo menos seis meses en actividades da garda de máquinas,

como parte dun programa de formación conforme os requisitos da sección A-III/1 do Código STCW. Este feito deberá constar no oportuno libro de rexistro da formación.

e) Superar a proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo coas normas de competencia da sección A-III/1 do Código STCW.

2. Atribucións:

a) Exercer de oficial de máquinas e de primeiro oficial de máquinas en buques mercantes de potencia propulsora non superior a 3.000 kW.

b) Exercer de oficial de máquinas en buques mercantes de potencia propulsora non superior a 6.000 kW cando, ademais de superar os requisitos e condicións de embarque sinalados no número 1 deste artigo, se acredite a superación dun curso nun centro de formación autorizado para impartir o título de técnico en operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque.

A duración e as materias que se impartirán no curso serán establecidas mediante resolución do director xeral da Mariña Mercante.

c) Exercer como xefe de máquinas en buques mercantes de potencia propulsora igual ou inferior a 1.400 kW. Para iso deberá acreditar un período de embarque non inferior a 24 meses como oficial de máquinas, dos cales polo menos 12 meses debe ter desempeñado o cargo de primeiro oficial de máquinas.

Artigo 16. *Oficial radioelectrónico de primeira da mariña mercante.*

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de oficial radioelectrónico de primeira da mariña mercante son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:

a) Estar en posesión do título académico de licenciado en radioelectrónica naval ou título de graduado que o substitúa en aplicación do disposto no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro, así como de calquera dos homologados polo Real decreto 1954/1994.

b) Ter exercido de oficial radioelectrónico realizando servizos en estacións de radiocomunicacións marítimas a bordo ou situadas en terra durante un período non inferior a 12 meses.

c) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude do título.

2. Atribucións:

a) Desempeñar o cargo de xefe de estación radiomarítima en buques sen limitación de categoría.

b) Desempeñar o servizo en calquera estación radiomarítima de buques.

c) Desempeñar o cargo de operador do Sistema Mundial de Socorro e Seguranza Marítima.

d) Realizar o mantemento dos equipamentos da sección de radiocomunicacións e daqueles outros que se lle encomenden.

Artigo 17. *Oficial radioelectrónico de segunda da mariña mercante.*

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de oficial radioelectrónico de segunda da mariña mercante son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:

a) Estar en posesión do título académico de licenciado en radioelectrónica naval ou título de graduado que o substitúa en aplicación do disposto no Real decreto 1394/2007, do 29 de outubro, así como de calquera dos homologados polo Real decreto 1954/1994.

b) Ter desempeñado servizos en estacións de radiocomunicacións marítimas a bordo ou situadas en terra durante un período non inferior a 12 meses.

c) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude.

d) Satisfacer as correspondentes normas de competencia das seccións A-IV/2 do Código STCW.

2. Atribucións:

a) Desempeñar o cargo de xefe de estación radiomarítima de segunda categoría en buques.

b) Desempeñar o servizo en calquera estación radiomarítima de buques.

c) Desempeñar o cargo de operador do Sistema Mundial de Socorro e Seguranza Marítima.

d) Realizar o mantemento dos equipamentos da sección de radiocomunicacións e daqueles outros que se lle encomenden.

Artigo 18. *Mariñeiro de ponte da mariña mercante.*

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de mariñeiro de ponte da mariña mercante son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:

a) Superar o curso de formación aprobado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante en cumprimento das disposicións da sección A-II/4 do Código STCW ou ben estar en posesión da correspondente unidade de competencia onde se recollan as competencias profesionais propias desta titulación.

Para iso, os centros de formación deberán estar homologados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante e cumprir cos requisitos mínimos de calidade na formación para o exercicio profesional en buques mercantes, tal e como se establece no artigo 20, con anterioridade ao comezo dos cursos.

b) Ter realizado un período de embarque en buques civís non inferior a 2 meses, acreditando servizos profesionais relacionados coa garda de navegación. Están exentos de acreditar este período de embarque os alumnos en prácticas de ponte, sempre que acrediten mediante unha certificación do centro oficial o cumprimento das disposicións das seccións A-II/4 e A/VI do Código STCW.

2. Atribucións:

a) Formar parte da garda de navegación, como vixía ou temoneiro nos buques civís, con excepción dos buques pesqueiros.

b) Manexar embarcacións con fins comerciais de menos de 10 metros de eslora, sempre e cando non transporten máis de 12 pasaxeiros, operen exclusivamente dentro de augas interiores e teñan unha potencia adecuada á embarcación. Para iso deberán acreditar a realización dun período de embarque non inferior a 6 meses desempeñando servizos profesionais e sendo habilitados polos órganos periféricos da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

Artigo 19. *Mariñeiro de máquinas da mariña mercante.*

Os requisitos para a obtención e as atribucións do título profesional de mariñeiro de máquinas da mariña mercante son os seguintes:

1. Requisitos de obtención:

a) Superar o curso de formación aprobado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, en cumprimento das disposicións da sección A-III/4 do Código STCW ou ben estar en posesión da correspondente unidade de competencia onde se recollan as competencias profesionais propias desta titulación.

Para iso, os centros de formación deberán estar homologados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante e cumprir cos requisitos mínimos de calidade na formación para o exercicio profesional en buques mercantes, tal e como se establece no artigo 20, con anterioridade ao comezo dos cursos.

b) Ter realizado un período de embarque en buques civís non inferior a dous meses, desempeñando servizos profesionais relacionados coa garda de máquinas. Están exentos de acreditar este período de embarque os alumnos en prácticas de máquinas, sempre que presenten unha certificación do centro oficial que acredite o cumprimento das disposicións das seccións A-III/4 e A/VI do Código STCW.

2. Atribucións:

a) Formar parte da garda da cámara de máquinas nos buques civís con excepción dos buques pesqueiros.

b) Manexar motores cunha potencia inferior a 150 kW se acreditan ter realizado un período de embarque non inferior a seis meses realizando servizos profesionais e fosen habilitados polos órganos periféricos da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

CAPÍTULO III

Dos requisitos de formación

Artigo 20. Requisitos mínimos de calidade na formación para o exercicio profesional en buques mercantes.

1. Todas as actividades de formación, avaliación da competencia, titulación, referendo e revalidación estarán suxeitas a un sistema de normas que garantan a calidade establecido pola Administración competente, en cumprimento da regra I/8 do anexo do Convenio STCW.

2. O ámbito de aplicación das normas de calidade citadas no número anterior abranguerá os distintos aspectos do sistema de titulación, os cursos e programas de formación para a obtención dos títulos profesionais, referendos e certificados de especialidade, os seus correspondentes exames e avaliacións, así como a cualificación e experiencia de formadores e avaliadores. Todo iso de conformidade coas seccións A-I/6 e A-I/8 do Código STCW.

3. Os centros homologados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante para levar a cabo a formación necesaria para a obtención dos certificados de especialidade marítima así como dos títulos de patrón portuario, mariñeiro de ponte e mariñeiro de máquinas, deberán desenvolver o sistema de normas que garantan a calidade determinado polo Ministerio de Fomento.

4. Os centros universitarios e de formación profesional que desenvolvan procesos de formación dos regulados no Convenio STCW deberán determinar, no ámbito das súas atribucións, as respectivas normas de competencia que se deban acadar, en que se identificarán os niveis de coñecementos, comprensión e aptitude apropiados para os exames e avaliacións que establece o citado convenio. Os obxectivos e normas de calidade conexas poderanse especificar por separado para os distintos cursos e programas de formación e incluírán os aspectos administrativos do sistema de titulación.

Artigo 21. Auditorías.

1. En intervalos non superiores a cinco anos deberanse realizar auditorías independentes das actividades relacionadas coa formación, adquisición de coñecementos, comprensión, aptitudes e competencias, así como dos aspectos administrativos do sistema de titulación, de conformidade co estipulado na regra I/8 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/8 do Código STCW.

2. As citadas auditorías terán a finalidade de comprobar o seguinte:

a) Que as medidas internas de control e vixilancia da xestión se axustan a plans previamente definidos e a procedementos documentados e se revelan eficaces para a consecución dos obxectivos fixados.

b) Que os resultados de cada avaliación independente se documentan e se poñen en coñecemento dos responsables da área avaliada.

c) Que se adoptan as medidas oportunas para paliar as deficiencias.

3. As auditorías referidas no parágrafo anterior serán determinadas por cada Administración competente e deberán ser realizadas por persoas cualificadas que non estean involucradas nas actividades obxecto de avaliación.

Artigo 22. *Remisión da información relativa á calidade.*

1. Os centros universitarios e de formación profesional que desenvolvan procesos de formación dos regulados no Convenio STCW e os centros homologados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante para impartir cursos de formación conducentes á obtención dos títulos profesionais de patrón portuario, mariñeiro de ponte e mariñeiro de máquinas, así como dos de certificados de especialidade marítima, proporcionarán á Dirección Xeral da Mariña Mercante a información requirida na regra I/7 do anexo do convenio e a sección A-I/7 do Código STCW, relativa ás medidas adoptadas para dar plena e total efectividade ás súas disposicións, respecto á implantación do sistema de normas de calidade, cumprimento e desenvolvemento das normas de competencia e auditorías independentes.

2. A Dirección Xeral da Mariña Mercante revisará a adecuación da información recibida aos contidos do citado convenio e trasladará esa información ao secretario xeral da Organización Marítima Internacional e ao organismo correspondente da Comisión Europea.

3. A Dirección Xeral da Mariña Mercante non expedirá os correspondentes títulos profesionais cando se constatase que os centros que imparten a formación académica non acreditan o cumprimento do sistema de control de calidade, especialmente no atinente á efectiva impartición de todas e cada unha das materias establecidas na parte correspondente do Código STCW.

Artigo 23. *Probas de idoneidade profesional.*

1. Para a obtención das tarxetas profesionais da mariña mercante habilitantes para o exercicio a bordo das atribucións correspondentes aos títulos regulados neste real decreto será preciso superar unha proba específica de idoneidade profesional, cando así veña establecido.

2. As probas de idoneidade profesional limitaranse a verificar o exacto e completo coñecemento das normas de garda contidas no capítulo VIII do Convenio STCW e do Código STCW, así como a comprobar, por medio de simuladores de navegación ou de máquinas, que o candidato ofrece a resposta adecuada ás diversas situacións que se poidan presentar no exercicio da garda. O Ministerio de Fomento determinará o contido e os procedementos das referidas probas.

Artigo 24. *Emprego de simuladores.*

Os simuladores empregados na formación marítima ou a súa avaliación deberán cumprir as disposicións da sección A-I/12 do Código STCW. Quedarán exentos do cumprimento destas disposicións os simuladores instalados ou en servizo antes do 1 de febreiro do ano 2002.

Artigo 25. *Alumnos en prácticas de ponte, máquinas e radioelectrónica.*

1. Os alumnos en prácticas de ponte, de máquinas e de radioelectrónica que estean realizando os períodos de embarque requiridos pola normativa vixente para a obtención dos títulos profesionais de piloto de segunda da mariña mercante, patrón de altura, patrón de litoral, oficial de máquinas de segunda da mariña mercante, mecánico maior naval ou mecánico naval, oficial radioelectrónico de segunda da mariña mercante, non formarán parte da tripulación mínima de seguranza do buque.

Estes alumnos deberán efectuar as prácticas realizando funcións que lles permitan aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos na súa formación, co fin de obter a experiencia necesaria para o exercicio profesional do título a que optan.

Os alumnos en prácticas estarán baixo a supervisión do capitán, patrón, xefe de máquinas ou dos oficiais do servizo correspondente e poderanos asistir na realización das gardas de navegación, na cámara de máquinas e na estación radioelectrónica.

2. Durante os períodos de embarque establecidos na normativa vixente, os alumnos en prácticas de ponte ou de máquinas deberán completar un programa de formación a bordo, para o cal levarán a cabo os cometidos e experiencias correspondentes determinados no libro de rexistro da formación aprobado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, conforme o estipulado nas regras II/1 e III/1 do anexo do Convenio STCW, respectivamente.

3. Os alumnos contabilizarán como parte da dotación do buque, para os efectos do disposto na disposición adicional décimo quinta da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, ao embarcaren en buques mercantes matriculados no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, cando teñan subscrito un contrato en prácticas conforme o previsto no artigo 11 do Estatuto dos Traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Neste caso, a empresa deberá asumir os custos do seguro e os gastos de viaxe e axudas de custo de embarque e desembarque.

4. Sen prexuízo do sinalado no número anterior, os alumnos poderán embarcar en buques de bandeira española para a realización das súas prácticas regulamentarias en condicións distintas ás mencionadas sempre que contén, polo menos, cos seguros correspondentes.

5. Para o embarque dos alumnos en prácticas de ponte, de máquinas e de radioelectrónica, unicamente se lles exixirá o certificado de formación básica establecido na regra VI/1 do anexo do Convenio STCW.

6. Os períodos de embarque realizados no marco das ensinanzas náuticas de máquinas, ponte e radioelectrónica, serán computables para a obtención do título profesional correspondente.

7. O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, mediante o oportuno convenio de colaboración, poderá designar como buques escola aqueles buques mercantes españois que poidan levar como mínimo seis alumnos. De igual forma poderanse designar aqueles buques do Espazo Económico Europeo que realicen funcións de buques escola ou sexan, logo de solicitude, designados como tales pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

8. Así mesmo, serán válidos os períodos de embarque realizados en buques escola estranxeiros, sempre que contén co correspondente recoñecemento como tales pola Administración marítima do pavillón que enarboren.

9. Para a realización das prácticas nos buques escola, non será obrigatorio o contrato en prácticas, nin a percepción de ningún tipo de gratificación ou salario e será unicamente por conta do operador do buque a mantenza e o aloxamento dos alumnos, así como os seguros correspondentes.

10. Os alumnos terán a consideración de oficiais e deberán figurar como tales nas lista de tripulantes coa denominación de «oficial alumno de ponte, máquinas ou radioelectrónica».

11. O previsto neste artigo non será de aplicación cando as prácticas se realicen ocupando praza como mariñeiro de ponte ou de máquinas, caso en que os alumnos terán a consideración de tripulantes para todos os efectos.

CAPÍTULO IV

Da documentación, rexistro e control

Artigo 26. *Tarxetas profesionais de mariña mercante.*

1. Conforme o artigo VI do Convenio STCW e as regras I/2 e I/11 do seu anexo, expedirase unha tarxeta profesional de mariña mercante, como documento acreditativo da posesión dun título profesional ou dun referendo, así como da continuidade na competencia

profesional. Para tales efectos, establécense dous modelos de tarxetas profesionais de mariña mercante:

a) O modelo do parágrafo 1 da sección A-I/2 do Código STCW, para os posuidores de títulos profesionais españois.

b) O modelo do parágrafo 3 da sección A-I/2 do Código STCW, para os posuidores de títulos profesionais de Estados parte do Convenio STCW.

2. O referendo contido na tarxeta profesional de mariña mercante emitirase coas mesmas atribucións e limitacións do respectivo título profesional.

3. Correspóndelle á Dirección Xeral da Mariña Mercante determinar os modelos dos títulos e tarxetas profesionais de mariña mercante.

4. As tarxetas terán unha validez de cinco anos e poderanse revalidar sete meses antes da súa caducidade.

5. Os títulos expediranse consonte o número 1 da regra I/2 do anexo do Convenio STWC

Artigo 27. *Normas sobre expedición de tarxetas profesionais de mariña mercante.*

1. Conforme a regra I/2 do anexo do Convenio STCW, a Dirección Xeral da Mariña Mercante, directamente ou a través dos seus servizos periféricos, expedirá, por instancia do interesado, a tarxeta profesional de mariña mercante se se cumpren e acreditan as prescricións do convenio e, de maneira específica, as seguintes:

a) Que a idade non sexa inferior á estipulada.

b) Que se superase o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña.

c) Que se demostre o cumprimento dos períodos de embarque e o desempeño das funcións determinadas na regra correspondente do anexo do Convenio STCW.

d) Que a formación recibida sexa a determinada na sección correspondente do Código STCW.

e) Que se superasen as probas de idoneidade que se indican no artigo 23.

2. Ademais do indicado no número anterior, exixirase a titulación académica correspondente.

Artigo 28. *Normas sobre revalidación de tarxetas profesionais de mariña mercante.*

1. Conforme a regra I/11 do anexo do Convenio STCW e a Sección A-I/11 do Código STCW, os posuidores de tarxetas profesionais de mariña mercante como capitán, patrón ou oficial poderán revalidalas cumprindo as condicións seguintes:

a) Demostrar a aptitude física adecuada, mediante o certificado médico de embarque marítimo expedido polo Instituto Social da Mariña no momento da solicitude.

b) Demostrar a debida competencia profesional acreditando unha das seguintes condicións:

1.º) Ter realizado un período de embarque, de polo menos un ano dentro do curso dos últimos cinco anos, ou de tres meses no último ano, desempeñando funcións propias do título profesional que se posúe.

2.º) Superar unha proba ou un curso de actualización recoñecido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

2. Para a revalidación das tarxetas de radiocomunicacións, os períodos de embarque poderán ser substituídos polo exercicio de funcións en estacións de radiocomunicacións marítimas situadas en terra.

3. Os posuidores de tarxetas profesionais de mariñeiro de ponte da mariña mercante e mariñeiro de máquinas da mariña mercante poderanas revalidar acreditando a superación do recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña.

Artigo 29. *Posuidores de credencial de homologación de títulos estranxeiros.*

Os posuidores das credenciais de homologación de títulos estranxeiros poderán solicitar a expedición da correspondente tarxeta profesional da mariña mercante, presentando esa credencial en lugar do correspondente título académico.

Artigo 30. *Certificados de especialidade e títulos profesionais de patrón portuario, mariñeiro de ponte e mariñeiro de máquinas.*

Sen prexuízo das competencias do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en materia de capacitación e de ensinanzas de formación profesional náutico-pesqueira e subacuático-pesqueira respecto das dotacións dos buques pesqueiros, correspóndelle á Dirección Xeral da Mariña Mercante determinar os programas de formación, as condicións de homologación e control dos centros de formación, as condicións de obtención e revalidación dos certificados de especialidade acreditativos da competencia profesional de que deben dispor os membros da tripulación que exercen funcións profesionais a bordo dos buques civís españois. Estas mesmas competencias serán de aplicación no caso dos títulos de patrón portuario, mariñeiro de ponte e mariñeiro de máquinas.

Artigo 31. *Normas sobre expedición de certificados de especialidade.*

A Dirección Xeral da Mariña Mercante, directamente ou a través dos seus servizos periféricos e cumpridas as condicións exixidas, expedirá, por instancia do interesado, os certificados de especialidade correspondentes, unha vez superados os correspondentes cursos de formación.

Artigo 32. *Normas sobre expedición de duplicados de títulos e tarxetas profesionais de mariña mercante.*

En caso de perda ou deterioración do título ou da tarxeta profesional de mariña mercante en vigor, ou para a modificación de datos persoais ou de certificados de especialidade que figuren nela, poderanse expedir duplicados, de acordo cos datos do rexistro da Dirección Xeral da Mariña Mercante.

Artigo 33. *Expedición, validación, revalidación e expedición de duplicados dos títulos e tarxetas profesionais da mariña mercante.*

1. A expedición, validación, revalidación e expedición de duplicados dos títulos e tarxetas profesionais da mariña mercante só se poderá denegar por motivos de aptitude psicofísicas, cando o recoñecemento médico de embarque marítimo que se regula no artigo 5 do Real decreto 1696/2007, do 14 de decembro, polo que se regulan os recoñecementos médicos de embarque marítimo, figure con «non apto».

2. Nos casos de «apto con restricións», denegarase a expedición, validación, revalidación e expedición de duplicados do título e das tarxetas profesionais da mariña mercante, unicamente cando as restricións garden relación coa vista ou o oído e estas lle impidan á persoa afectada diferenciar as cores ou escoitar os sinais fónicos ou calquera tipo de alarma. Neste caso, no certificado médico figurará a seguinte mención «apto excepto ponte e funcións de vixía» ou «apto excepto máquinas», respectivamente.

Non obstante o anterior, poderáselle estender a correspondente tarxeta, que posibilite o traballo noutros servizos do buque. Neste caso a tarxeta estenderase coa limitación correspondente.

Artigo 34. *Rexistro de títulos profesionais e certificados de especialidade.*

1. O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, levará o control e o rexistro da documentación que serviu para a expedición, revalidación e expedición de duplicados dos títulos e tarxetas profesionais, así como dos certificados de

especialidade que sexan exhibibles para exercer a bordo dos buques mercantes. O rexistro conterá información respecto aos documentos expedidos, caducados, revalidados e suspendidos, así como ás dispensas concedidas, conforme o establecido na regra I/9 do anexo do Convenio STCW e outras disposicións nacionais ou da Unión Europea e conservará unha copia do título, tarxeta ou certificado entregado.

2. Sen prexuízo das disposicións vixentes sobre protección de datos, poderase facilitar a información pertinente a outras administracións ou compañías cando soliciten a verificación da autenticidade dos citados documentos.

Artigo 35. *Cartilla marítima.*

1. A cartilla marítima será expedida pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, directamente ou través dos seus servizos periféricos.

2. En cumprimento do Convenio da Organización Internacional do Traballo sobre documentos de identidade da xente de mar, adoptado en Xenebra o 13 de maio de 1958, a cartilla marítima expediráselles aos cidadáns españois posuidores de títulos profesionais de mariña mercante ou de pesca, así como do certificado de formación básica, que o soliciten.

3. O modelo e contido da cartilla marítima determinaraos o Ministerio de Fomento.

Artigo 36. *Control polo Estado reitor do porto.*

1. Os buques mercantes, independentemente do seu pavillón, serán inspeccionados polo órgano competente da Administración marítima española co fin de verificar se a titulación e o nivel de formación dos seus tripulantes cumpren o establecido no Convenio STCW e nas disposicións comunitarias e nacionais de desenvolvemento.

2. A citada inspección, ademais de verificar o mencionado no número 6 do artigo 41, limitarase a comprobar os seguintes aspectos:

a) Que a tripulación do buque mercante para a cal se exixa titulación de conformidade co Convenio STCW está en posesión dun título ou dunha dispensa de título ou dunha proba documental de solicitude dun referendo para o recoñecemento dun título.

b) Que a tripulación do buque mercante se axusta á tripulación de seguranza fixada para el, conforme a documentación emitida polas autoridades do pavillón do citado buque.

3. Así mesmo, na inspección poderase comprobar a aptitude profesional para observar as normas relativas á seguranza, cando existan motivos fundados do incumprimento das citadas normas por concorrer algún dos seguintes supostos:

a) Que o buque se vise implicado nunha abordaxe ou varase.

b) Que estando o buque navegando, fondeado ou atracado, se producise unha descarga de substancias contaminantes non permitidas en virtude dun convenio internacional.

c) Que o buque realizase unha manobra irregular ou perigosa ao non ter seguido as medidas de organización do tráfico adoptadas pola Organización Marítima Internacional ou os procedementos ou as prácticas de navegación segura.

d) Que o funcionamento operacional do buque sexa tal que supoña un perigo para as persoas, os bens ou o ambiente.

e) Que algún título se obtivese fraudulentamente ou o posuidor deste non sexa a persoa a que se lle expedise ese título.

f) Que o buque mercante sexa dun pavillón cuxo Estado non ratificase o Convenio STCW ou teña un capitán, un oficial ou mariñeiros que formen parte das gardas de navegación ou da cámara de máquinas, cuxos títulos fosen expedidos por un Estado que non ratificase o Convenio STCW.

4. Esta comprobación da aptitude profesional poderá incluír a verificación de que se cumpren as prescricións operativas das gardas no lugar de traballo e que a tripulación do

buque reacciona de forma correcta en situacións de emerxencia, como corresponde ao seu nivel de competencia e titulación.

CAPÍTULO V

Do recoñecemento de títulos profesionais estranxeiros

Artigo 37. *Normas xerais sobre recoñecemento de títulos profesionais expedidos por outros estados.*

1. Poderanse recoñecer títulos profesionais de capitán, patrón, oficial ou operador de radio expedidos por outros Estados, sempre e cando sexan parte do Convenio STCW e se cumpran as condicións prescritas neste real decreto. Non se aceptarán para recoñecemento referendos de títulos expedidos por un Estado diferente a aquel que emitiu o respectivo título profesional. O título profesional cuxo recoñecemento se solicite deberá incluír o referendo do Estado que o expedise e que acredite o cumprimento das disposicións do Convenio STCW, no modelo establecido na sección A-1/2 do Código STCW. O recoñecemento realizarase de acordo cos procedementos establecidos polo Ministerio de Fomento.

2. Precisarase o recoñecemento dun título profesional para poder formar parte das dotacións dos buques españois aos cales lles sexa de aplicación o Convenio STCW. O recoñecemento efectuarase mediante referendo, por solicitude do interesado ou da compañía navieira, de conformidade coa regra 1/10 do anexo do Convenio STCW e da sección A-1/10 do Código STCW, para o cal se emitirá a correspondente tarxeta profesional de mariña mercante.

3. O recoñecemento de títulos profesionais que habiliten para exercer de capitán ou de primeiro oficial de ponte exixirá a superación dunha proba sobre coñecemento da lexislación marítima española. O Ministerio de Fomento poderalles exixir, igualmente, a superación da proba aos posuidores de títulos profesionais que habiliten para exercer de xefe ou de primeiro oficial de máquinas.

4. Se o título profesional que se pretende referendar estivese suxeito a algunha limitación en canto ao arqueo do buque, á potencia propulsora, á zona de navegación ou de calquera outra natureza, o referendo efectuarase sen exceder as limitacións do respectivo título profesional.

5. O procedemento de recoñecemento deberá ser resolto no prazo máximo de tres meses contados a partir da presentación da solicitude. Transcorrido este sen que recaia resolución expresa, a solicitude deberase entender desestimada, para os efectos do establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A resolución pon fin á vía administrativa.

6. Durante o período de tramitación do recoñecemento do título poderase autorizar o interesado para exercer, en buques mercantes españois, as funcións inherentes ao citado título. Para estes efectos, a Dirección Xeral da Mariña Mercante emitirá a correspondente proba documental de que presentou solicitude dun referendo, de conformidade coa regra 1/10 do anexo do Convenio STCW.

7. Porén, para autorizar o embarque nun buque español, a empresa navieira deberá acreditar de maneira que faga fe ante a autoridade marítima que subscribiu un seguro, ben a través dunha póliza específica ou ben mediante a póliza de protección e indemnización do buque (P&I), ou que dispón dun aval subscrito cunha entidade de crédito ou ben que fixo unha provisión que cubra, durante o prazo mencionado, a responsabilidade civil derivada do exercicio das funcións e permanencia a bordo do posuidor do título profesional suxeito a recoñecemento.

Artigo 38. *Normas específicas sobre recoñecemento de títulos profesionais expedidos por Estados membros da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo.*

1. A Dirección Xeral da Mariña Mercante poderá recoñecer directamente os títulos profesionais expedidos por un Estado membro da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo, conforme as disposicións comunitarias ou nacionais de aplicación.

2. O recoñecemento dun título profesional, formalizado a través da expedición dunha tarxeta profesional de mariña mercante, será necesario para acceder a empregos en relación coas dotacións dos buques mercantes españois.

3. Os cidadáns da Unión Europea que non teñan nacionalidade española e posúan un título profesional con atribucións suficientes, expedido por un Estado membro, unha vez superada a proba de coñecemento da lexislación marítima española, poderán exercer o mando de buques mercantes de arqueo bruto inferior a 100 GT que transporten carga ou menos de 100 pasaxeiros, sempre que operen exclusivamente entre portos ou puntos situados en zonas en que España exerce a súa soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición.

Artigo 39. Normas específicas sobre recoñecemento de títulos profesionais expedidos por Estados non membros da Unión Europea.

1. O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, poderá recoñecer os títulos expedidos por países terceiros que contén cun recoñecemento en vigor realizado pola Comisión Europea e que figuren na lista de países terceiros publicada no *Diario Oficial de la Unión Europea*.

Con carácter previo ao recoñecemento, deberase establecer un acordo de recoñecemento entre o Ministerio de Fomento e a autoridade competente nesta materia do país terceiro, en cumprimento do disposto na regra I/10 do anexo do Convenio STCW. A tramitación do recoñecemento levarase a cabo mediante a aplicación das directrices aprobadas pola Organización Marítima Internacional que se recollen no anexo deste real decreto.

2. O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, poderalle presentar á Comisión Europea unha solicitude motivada de recoñecemento de títulos idóneos expedidos por un país terceiro que non fose recoñecido pola Comisión Europea pero que sexa parte do Convenio STCW e respecto ao cal o Comité de Seguranza Marítima da Organización Marítima Internacional especificase que levou a cabo o adecuado cumprimento do disposto no Convenio STCW.

3. Mentres a Comisión Europea non aprobe o recoñecemento solicitado, a Dirección Xeral da Mariña Mercante non poderá recoñecer os títulos expedidos polo país terceiro. Se a Comisión retirase o recoñecemento dun país terceiro, os referendos que se fixesen antes de se adoptar tal decisión seguirán a ser válidos. Os mariños que obtivesen tales referendos non poderán solicitar un referendo de recoñecemento dunha atribución superior, excepto se esa mellora se basea unicamente na acreditación de períodos de embarque adicionais.

4. Cando teña intención de retirar o referendo dos títulos expedidos por un país terceiro co cal asinase un acordo, o Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, comunicará a súa decisión á Comisión e aos demais Estados membros. A Comisión Europea, asistida pola Axencia Europea de Seguranza Marítima, reavaliará o recoñecemento do país terceiro, para comprobar se deixou de cumprir os requisitos do Convenio STCW.

CAPÍTULO VI

Das obrigas dos navieiros e dos profesionais da mariña mercante

Artigo 40. Obrigas das empresas navieiras, os capitáns, patróns, xefes de máquinas e oficiais dos buques mercantes españois.

1. De conformidade coa regra I/4 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/4 do Código STCW, as empresas navieiras garantirán o seguinte:

a) Que as tripulacións dos seus buques posúan as adecuadas tarxetas profesionais da mariña mercante e estean en posesión dos certificados preceptivos, de acordo coas funcións, responsabilidades, navegación e clase de buque.

b) Que os buques estean tripulados consonte as prescricións sobre dotación de seguranza establecidas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

c) Que a documentación e os datos da tripulación empregada a bordo dos buques estean facilmente dispoñibles.

d) Que todo membro da tripulación estea familiarizado coas súas funcións específicas e cos dispositivos, instalacións, equipamentos, procedementos e características do buque que sexan pertinentes para desempeñar tales funcións en situacións normais e de emerxencia.

e) Que a tripulación do buque poida coordinar as súas actividades de maneira eficaz nunha situación de emerxencia e desempeñar funcións que sexan vitais para a seguranza ou para previr ou reducir a contaminación.

2. Tanto as empresas navieiras coma os capitáns e tripulantes garantirán que se outorgue pleno efecto ás obrigas específicas determinadas no Convenio STCW e disposicións en materia de seguranza marítima e protección do medio mariño.

3. As empresas navieiras darán instrucións por escrito aos capitáns dos buques co obxecto de garantir que todo membro da tripulación teña a oportunidade de se familiarizar cos equipamentos, os procedementos e as operacións do buque, así como as funcións específicas do tripulante antes de que estas sexan asignadas.

Artigo 41. *Medios de comunicación nos buques mercantes.*

1. Os buques mercantes abandeirados en España deberán dispor a bordo de medios técnicos e instrumentais que permitan, en todo momento, unha comunicación verbal eficaz entre os membros da tripulación, especialmente no que atinxe á recepción e comprensión correctas e puntuais de mensaxes e instrucións en materia de seguranza marítima e da navegación.

2. Nos buques de pasaxe españois, así como nos buques de pasaxe cuxa procedencia ou destino sexa un porto español, existirá un idioma común de traballo, co obxecto de garantir unha actuación eficaz da tripulación en temas relacionados coa seguranza.

A empresa navieira ou, de ser o caso, o capitán, determinará o idioma común de traballo utilizado a bordo e figurará no diario de navegación. O idioma común nos buques de pasaxe españois, de non ser o castelán, deberá ser o inglés. Cada tripulante deberá entendelo e ser capaz de transmitir ordes e instrucións nel. Todos os plans e listas que se deban realizar deberán incluír unha tradución a este idioma común.

3. Os membros da tripulación dos buques de pasaxe cuxa función sexa axudar os pasaxeiros en situacións de emerxencia levarán claramente visible un distintivo que os identifique como tales. Para cumprir os seus cometidos, deberán ter suficiente capacidade práctica de comunicación, combinando en cada caso concreto, de forma adecuada e suficiente, os seguintes criterios:

a) O idioma ou idiomas comúns en cada un dos principais Estados a que pertencen os pasaxeiros transportados nunha ruta marítima determinada.

b) As probabilidades de que os pasaxeiros que necesitan axuda sexan capaces de comprender instrucións básicas en inglés, con independencia de que estes e os tripulantes falen ou non un idioma común.

c) A eventual necesidade de utilizar, en caso de emerxencia e cando non sexa posible a comunicación verbal, outros medios de comunicacións, tales como xestos, sinais emitidos por medios non mecánicos, chamadas de atención sobre o lugar onde se achan as instrucións, puntos de reunión, dispositivos de salvamento ou itinerarios de evacuación.

d) O feito de que se lles facilitasen ou non aos pasaxeiros instrucións de seguranza completas nos seus respectivos idiomas.

e) Os idiomas en que se poidan impartir, en caso de emerxencia ou de simulacro, instrucións básicas que faciliten aos membros da tripulación ou auxilio aos pasaxeiros.

4. O capitán, os oficiais e os mariñeiros dos buques petroleiros, buques cisterna para gases licuados e buques cisterna para produtos químicos abandeirados en España deberán ser capaces de se entenderen entre si, polo menos, nun idioma común de traballo

que, de non ser o castelán, deberá ser o inglés. Estes buques deberán dispor, ademais, de medios adecuados de comunicación para se poderen relacionar coas autoridades dos Estados costeiros inmediatos, ben nun idioma común ou ben no das citadas autoridades.

5. En todos os buques a que se aplique o disposto no capítulo I usarase o inglés na ponte como idioma de traballo para as comunicacións de seguranza de ponte a ponte e de ponte á terra, así como para as comunicacións a bordo entre o práctico e o persoal de garda da ponte, a menos que as persoas que efectúen directamente a comunicación falen un idioma común distinto do inglés.

6. Cando a Dirección Xeral da Mariña Mercante leve a cabo unha inspección de buques que incumba a España en calidade de Estado reitor do porto, comprobará que os buques abandeirados noutros Estados cumpren tamén o disposto neste artigo.

CAPÍTULO VII

Das infraccións e sancións

Artigo 42. *Consideracións xerais.*

As infraccións e sancións que procedan en relación coas actividades recollidas neste real decreto rexeranse, en todo momento, polo disposto no capítulo III, do título IV da Lei 27/1992, de portos do Estado e da mariña mercante, polo establecido no título IX da Lei 30/1992, así como polo recollido nos correspondentes regulamentos sobre procedemento sancionador, desenvolto tanto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, como no anexo II do Real decreto 1772/1994, do 5 de agosto.

Artigo 43. *Prevenición da fraude e doutras condutas ilícitas en relación coas titulacións profesionais da mariña mercante.*

Se a Dirección Xeral da Mariña Mercante tiver coñecemento da existencia de titulacións profesionais de mariña mercante que puidesen ser fraudulentas ou condutas ilícitas de carácter penal en relación con tales titulacións, deberá pór tal circunstancia en coñecemento do Ministerio Fiscal.

Co fin de detectar e combater a fraude e outras prácticas ilícitas en relación coas titulacións profesionais de mariña mercante, a Dirección Xeral da Mariña Mercante manterá un sistema de intercambio de información coas autoridades competentes doutros países, en relación coa titulación da xente de mar.

Disposición adicional primeira. *Persoal da Armada.*

O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, poderalle recoñecer os títulos profesionais da mariña mercante regulados neste real decreto ao persoal da Armada que acredite posuír os requisitos de obtención establecidos nos artigos 5 ao 19.

Para iso, os períodos de embarque en buques da Armada poderán ser homologados aos períodos de embarque en buques civís, sempre que o programa de adestramento en buques da Armada sexa recoñecido mediante resolución do director xeral da Mariña Mercante como equivalente ao dos correspondentes programas de formación conforme os requisitos da sección A-III/I do Código STCW, e deberán ter unhas condicións de calidade similares.

Disposición adicional segunda. *Certificados de competencia de mariñeiro e mariñeiro mecánico.*

1. O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, validará as titulacións profesionais de mariñeiros a aqueles que cumpran as condicións que se detallan a seguir:

a) O título profesional de mariñeiro de ponte da mariña mercante, a aqueles que posúan o certificado de competencia de mariñeiro e os primeiros niveis dos certificados de

especialidade de loita contra incendios e supervivencia no mar ou, no seu lugar, o curso de formación básica e realízasen un período de embarque de polo menos 6 meses no servizo de ponte nun buque civil.

b) O título profesional de mariñeiro de máquinas da mariña mercante, a aqueles que posúan o certificado de competencia de mariñeiro e os primeiros niveis dos certificados de especialidade de loita contra incendios e supervivencia no mar ou, no seu lugar, o curso de formación básica, e realízasen un período de embarque de polo menos seis meses no servizo de máquinas nun buque civil.

2. Para efectos de obtención dos títulos de mariñeiros citados nas letras a) e b) do número anterior, terá a mesma validez o certificado de mariñeiro mecánico, polo que poderá ser validada por calquera dos dous, se se cumpren as condicións citadas.

3. En caso de se cumpriren ambas as condicións, expediranse ambos os títulos nunha soa tarxeta profesional de mariña mercante.

Disposición adicional terceira. *Títulos de patrón de tráfico interior e motorista naval.*

1. Os posuidores dos títulos de patrón de tráfico interior ou de motorista naval, ou aqueles que superasen o exame correspondente e estean perfeccionando os períodos de embarque para a súa obtención, continuarán no uso das atribucións conferidas na Orde do 29 de xaneiro de 1964, sobre títulos profesionais menores da mariña mercante e de pesca, con respecto ás características da embarcación e zona de navegación.

2. Non obstante o disposto no número anterior, aqueles que posúan conxuntamente os títulos profesionais de patrón de tráfico interior e de motorista naval ou, en lugar deste último, o de patrón costeiro polivalente, patrón local de pesca, mecánico de litoral, mecánico naval de segunda, mecánico naval de primeira, mecánico naval maior, mecánico maior naval, mecánico naval, xefe de máquinas, oficial de máquinas de primeira, oficial de máquinas de segunda e exercesen polo menos durante 24 meses como patrón en embarcacións de tráfico interior, poderán solicitar do Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral da Mariña Mercante, a validación de ambas as tarxetas profesionais pola do título de patrón portuario e, ademais, quedarán habilitados para exercer nas mesmas condicións relativas ao buque e á zona de navegación en que estivesen autorizados e enrolados, se estas fosen superiores á do título de patrón portuario.

Disposición adicional cuarta. *Titulados de formación profesional de adultos anteriores á LOXSE.*

1. Os titulados profesionais da formación de adultos da familia marítimo-pesqueira, especialidades de cabotaxe e mecánica, procedentes da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa, patrón maior de cabotaxe, patrón de cabotaxe, mecánico naval maior, mecánico naval de primeira e mecánico naval de segunda, así como os posuidores do certificado de exame correspondente, poderán obter o correspondente título profesional regulado nos artigos 8, 9, 14 e 15, respectivamente, nas mesmas condicións e atribucións que os posuidores do título académico de técnico superior e técnico da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE), así como o de técnico especialista e técnico auxiliar, correspondente ao plan de estudos anterior á LOXSE, de acordo co previsto no número seguinte.

2. Condicións para o cambio ou obtención do título a que se refire o número anterior:

a) Os posuidores do título de patrón maior de cabotaxe poderán obter o título de patrón de altura da mariña mercante se acreditan ter navegado exercendo de primeiro oficial ou patrón en buques mercantes maiores de 750 GT durante un período non inferior a 24 meses, con posterioridade á obtención do título de patrón maior de cabotaxe.

b) Os posuidores do título de patrón de cabotaxe poderán obter o título de patrón de litoral da mariña mercante se acreditan ter navegado exercendo de primeiro oficial ou patrón en buques mercantes maiores de 750 GT durante un período non inferior a 24 meses, con posterioridade á obtención do título de patrón de cabotaxe.

c) Os posuidores do título de mecánico naval maior poderán obter o título de mecánico maior naval da mariña mercante se acreditan ter navegado exercendo de xefe ou primeiro oficial de máquinas en buques civís de potencia entre 500 e 3.000 kW durante un período non inferior a 24 meses, con posterioridade á obtención do título de mecánico maior naval.

d) Os posuidores dos títulos de mecánico naval de primeira e mecánico naval de segunda poderán obter o título de mecánico naval da mariña mercante, se acreditan ter navegado exercendo de xefe ou primeiro oficial de máquinas en buques civís de potencia entre 500 e 3.000 kW durante un período non inferior a 24 meses, con posterioridade á obtención do título de mecánico naval de segunda.

Disposición adicional quinta. *Certificado de especialidade de patrón profesional de embarcacións de recreo.*

1. Créase o certificado de patrón profesional de embarcación de recreo que lles será emitido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante ás persoas que cumpran os requisitos que se indican a seguir:

a) Estar en posesión do título de capitán de iate.
b) Achegar unha declaración responsable en que se acredite, con indicación do nome do buque e da súa matrícula, ter navegado, polo menos, 50 días e 2.500 millas, incluíndo polo menos cinco travesías de máis de 60 millas, medidas ao longo da ruta navegable máis curta, dun porto de partida a un de destino, exercendo como patrón durante a travesía. Esta travesía deberá ser de altura e dunha duración mínima de 48 horas.

c) Ter cumprido 20 anos de idade.
d) Posuír o certificado oficial de operador xeral ou restrinxido do Sistema Mundial de Socorro e Seguranza Marítima, o de formación básica e o básico de pasaxe ou buque que transporten cargamento rodado (ro-ro) de pasaxe e buques de pasaxe distintos de buques ro-ro, ademais dos de supervivencia e contra incendios de primeiro e segundo nivel.

e) Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña.

f) Superar a proba de coñecemento que determine a Dirección Xeral da Mariña Mercante.

2. Outorgaráselles directamente o certificado aos posuidores dunha titulación profesional da sección de ponte ou cuberta dos artigos 5 a 9 e ao patrón maior de cabotaxe e patrón de cabotaxe.

3. O certificado terá unha validez de cinco anos e deberase revalidar transcorrido este período.

4. Os posuidores do certificado de especialidade de patrón profesional de embarcacións de recreo terán as seguintes atribucións:

a) Goberno de embarcacións matriculadas na lista sexta ou sétima, sempre e cando non leven máis de 12 persoas, incluída a tripulación, nas zonas e condicións que determine a Dirección Xeral da Mariña Mercante.

b) Actuar de instrutor nas prácticas básicas de seguranza e de navegación para a obtención das titulacións de patrón para navegación básica e patrón de embarcacións de recreo.

Disposición adicional sexta. *Patrón costeiro polivalente e patrón local de pesca.*

1. Os posuidores da tarxeta profesional de pesca de patrón costeiro polivalente e patrón local de pesca poderán ser autorizados pola capitanía marítima correspondente para o goberno de embarcacións mercantes en augas interiores e até un máximo de 150 persoas en buques de pasaxe, coas seguintes limitacións:

a) Patrón costeiro polivalente: embarcacións mercantes de até 24 metros de eslora entre perpendiculares e 400 kW de potencia efectiva da máquina, en augas interiores.

b) Patrón local de pesca: embarcacións mercantes de até 12 metros de eslora entre perpendiculares e 100 kW de potencia efectiva da máquina, en augas interiores.

2. O enrolamento efectuarase á vista da tarxeta profesional de pesca de patrón costeiro polivalente e patrón local de pesca e da correspondente autorización do capitán marítimo.

3. No caso de que a autorización se solicite para un buque de pasaxe, ademais do indicado no número 1, o interesado terá que acreditar que está en posesión do certificado básico de buques de pasaxe ou do certificado de buque ro-ro de pasaxe e buques de pasaxe distintos a buques ro-ro.

4. As autorizacións concedidas en virtude da disposición adicional sexta do Real decreto 930/1998, continuarán en vigor até a súa data de caducidade.

Disposición adicional sétima. *Remolcadores de porto.*

Os titulados como oficial de máquinas de primeira da mariña mercante, oficial de máquinas de segunda da mariña mercante, mecánico maior naval e mecánico naval, regulados neste real decreto, e os titulados como mecánico naval maior, de primeira e de segunda clase regulados na normativa anterior a este real decreto, poderán ser habilitados polas capitanías marítimas correspondentes para exercer funcións inherentes á súa titulación en remolcadores de portos que operen exclusivamente cun único porto base, até duplicar a potencia propulsora correspondente ás súas respectivas atribucións.

Disposición adicional oitava. *Prácticas nos buques da Armada.*

Mediante orde conxunta dos ministros de Defensa e de Fomento poderanse establecer as condicións en que, con suxeición ao previsto neste real decreto, se poderán realizar en buques da Armada as prácticas reguladas no artigo 25 para a obtención dos títulos regulados no capítulo II.

Disposición adicional novena. *Certificado de patrón profesional de instalacións e dársenas portuarias.*

1. Créase o certificado de patrón profesional de instalacións e dársenas portuarias, que lles será emitido polas capitanías marítimas ás persoas que cumpran e acrediten os requisitos que se indican a seguir:

- a) Ter realizado e superado o curso de mariñeiro de ponte.
- b) Ter realizado un mes de prácticas como mariñeiro en remolcadores de porto ou en buques auxiliares ou de servizos portuarios.

2. Os posuidores do certificado de especialidade de patrón de zonas portuarias poderán exercer o goberno de embarcacións con fins comerciais dentro dun determinado porto, de até oito metros de eslora, coa potencia de motor máxima de 73,60 kW, sempre e cando non transporte máis de 12 pasaxeiros e non saia da zona portuaria.

Disposición adicional décima. *Certificados médicos equivalentes.*

Naqueles casos en que non se poida presentar o certificado de recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña por residir o titular no estranxeiro ou por non ter dereito a iso por navegar en buques estranxeiros ou por seren estranxeiros que non navegan en buques de bandeira española, serán válidos os certificados expedidos nos seus países de residencia ou os que se lles exixan para navegar nos buques en que embarcan.

Disposición transitoria primeira. *Cambio de títulos e tarxetas profesionais anteriores.*

Os títulos e as tarxetas profesionais expedidos con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto conservarán a súa validez até a data da súa caducidade. O interesado

poderá tramitar o novo título e tarxeta profesional que lle corresponda no prazo establecido no artigo 26.4.

Disposición transitoria segunda. *Probas de idoneidade profesional.*

Para a obtención dos títulos en que sexa un requisito exigible a proba de idoneidade profesional do artigo 23 deste real decreto, será de aplicación transitoria, no non derogado por este real decreto, o previsto na Orde do 18 de outubro de 1989, pola que se establece a proba de aptitude para a obtención dos títulos profesionais de capitán, piloto de segunda clase, xefe de máquinas, oficial de máquinas de segunda clase, oficial radioelectrónico de primeira e segunda clase da mariña mercante.

Disposición transitoria terceira. *Mantemento situacións existentes.*

As situacións subxectivas existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto manteranse nos mesmos termos e coas competencias asignadas pola normativa de orixe.

Disposición transitoria cuarta. *Tarxetas profesionais e certificados*

Até a súa regulación polo Ministerio de Fomento seguirán en vigor as seguintes disposicións:

- a) Orde do 21 de xuño de 2001 sobre tarxetas profesionais da mariña mercante.
- b) Orde FOM/2296/2002, do 4 de setembro, pola que se regulan os programas de formación dos títulos profesionais de mariñeiros de ponte e de máquinas da mariña mercante, e de patrón portuario, así como os certificados de especialidade acreditativos da competencia profesional.
- c) Orde FOM/3302/2005, do 14 de outubro, pola que se regula a proba ou curso de actualización preciso para obter a revalidación das tarxetas da mariña mercante.
- d) Orde FOM/2285/2004, do 28 de xuño, pola que se regulan as probas sobre recoñecemento da lexislación marítima española e o procedemento de expedición de referendos aos posuidores de titulacións profesionais ao abeiro do Convenio STWC.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións, de igual ou de inferior rango, que se opoñan ao disposto neste real decreto e, especificamente, as seguintes normas:

- a) Real decreto 2061/1981, do 4 de setembro, sobre títulos profesionais da mariña mercante.
- b) Do Real decreto 930/98, do 14 de maio, sobre condicións xerais de idoneidade e titulación de determinadas profesións da mariña mercante e do sector pesqueiro, os artigos 3.1.1º, 3.1.3º, 3.1.4º, 3.2.1º, 3.2.3º, 3.2.4º, 4, 5.1.1º, 5.1.3º, 5.1.4º, 5.2.2º, 5.2.3º, 6 e as disposicións adicionais cuarta, quinta e sexta, punto segundo no que se refire aos buques mercantes.
- c) Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Fomento para ditar cantas disposicións de desenvolvemento sexan precisas para o mellor cumprimento deste real decreto e, en especial, as probas de idoneidade profesional mencionadas no artigo 23, así como a designación doutros organismos para a expedición da cartilla marítima regulada no artigo 35.

Disposición derradeira terceira. *Competencias de execución.*

Facúltase o director xeral da Mariña Mercante para ditar as resolucións que poidan resultar necesarias para a execución e o cumprimento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xuño de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ

ANEXO

Directrices sobre os acordos entre os Estados parte para permitir o recoñecemento de títulos estipulado na regra I/10 do Convenio STCW

1. Ao establecer acordos para o recoñecemento de títulos en virtude da regra I/10, deberase asinar un compromiso escrito entre a parte que recoñece a titulación, é dicir, a Administración, e a parte que expide os títulos que deben ser recoñecidos, a parte expedidora. A este respecto, as partes deben considerar o seguinte:

1.1 Identificación da Administración e da parte expedidora dos títulos.

1.2 Posto, enderezo e información de acceso do funcionario da Administración e do funcionario da parte expedidora dos títulos, designados para se responsabilizar directamente de executar o compromiso.

1.3 Ámbito de aplicación do compromiso.

1.4 Procedementos que debe seguir a Administración, na reserva do consentimento da parte expedidora dos títulos, cando se solicite visitar as instalacións, observar os procedementos ou examinar as normativas que fosen aprobadas ou aplicadas pola parte expedidora dos títulos en cumprimento dos requisitos do Convenio STCW sobre os seguintes aspectos:

1.4.1 Normas de competencia.

1.4.2 Expedición, referendo, revalidación e revogación de títulos.

1.4.3 Mantemento de rexistros.

1.4.4 Normas de aptitude física.

1.4.5 Comunicación e proceso de resposta ás solicitudes de verificación.

1.5 Acceso da Administración aos resultados das avaliacións das normas de calidade realizadas pola parte expedidora dos títulos en virtude do prescrito na regra I/8.

1.6 Procedementos que debe seguir a Administración para verificar a validez ou o contido dun título expedido pola parte expedidora, e para resolver os problemas que se poidan presentar.

1.7 Procedementos que debe seguir a Administración para lle notificar á parte expedidora dos títulos se retirou ou revogou o seu referendo de recoñecemento por razóns disciplinarias ou doutra índole.

1.8 Procedementos que debe seguir a parte expedidora dos títulos para lle notificar con prontitude á Administración calquera cambio importante nos procedementos previstos de formación e titulación en cumprimento do Convenio STCW, e os criterios aplicables para determinar que cambios se deben considerar «importantes» para tal fin. Como mínimo, entenderase que os cambios importantes inclúen os seguintes:

1.8.1 Cambios de posto, enderezo ou información de acceso do funcionario responsable de executar o compromiso.

1.8.2 Cambios que afectan os procedementos estipulados no compromiso.

1.8.3 Cambios que representan diferenzas importantes con respecto á información comunicada ao secretario xeral conforme a sección A-I/7 do Convenio STCW.

1.9 Cláusulas de expiración.

1.10 Validez.

2. O compromiso será asinado, ou recoñecido con confirmación por escrito, polos funcionarios autorizados da Administración e da parte expedidora dos títulos.

3. Estas directrices están concibidas para acordos bilaterais, pero tamén se poden aplicar a compromisos multilaterais.